

O Paraná do Brasil

(A todolos orgaos culturais do Paraná)

P A R A N Á :

Estado do Brasil meridional,
que rico é en café, arroz, millo e batata;
i-a Curitiba ten por Capital.

P A R A N Á :

Celagen d'un amore qu'arrebata
e qu'ennobrez'e ilumiña aos morrentes;
qu'arde nos peitos, porén que non mata.

P A R A N Á :

Berce de mulleres inteligentes
e d'homes de gran talento e cultura,
respetosos do derecho das gentes.

P A R A N Á :

Lira d'ouro de poetas d'outura,
e lar de tanto prosista brillante,
qu'honran ao seu país cā sua cultura.

P A R A N Á :

Terra d'irmaos, terra fascinante;
niño cheo d'encantos que fan d'il,
un centro de beleza escintilante.

P A R A N Á :

Povo do inmorrent'e belo Brasil,
que celebra ogano a soberanía
do seu soillo acolledor e gentil.

P A R A N Á :

Bico de Deusa, luz e fantasía,
reidad'e ilusión, fror milagreira
num sorriso que foi roubado ao día.

P A R A N Á :

A terra qu'é a "canaan" brasileira,
i-unha comarca do Brasil grorioso,
o irmao da Galiza feitizeira.

P A R A N Á :

Coma homenagen d'un povo generoso,
qu'ainda vive baixo estrana sogueira,
recibe iste meu saudo agrimonoso.

FUCO G. GÓMEZ
(Poeta galego)

Habana, Cuba, 1953.